

Día da Ciencia en Galicia

2025

Día da Ciencia
en Galicia 2025

PRESENTACIÓN DO LIBRO


Fernando Calvet i Prats

**Modernizador da química e promotor
da industria farmacéutica en Galicia**

3 outubro | 12 horas

Facultade de Química da Universidade de Santiago

Fernando Calvet i Prats (1903-1988)



Naceu en Vilafranca del Penedès (Barcelona) en 1903. Iniciou a súa formación en Química na Universitat de Barcelona, onde tamén comezou a súa carreira docente en 1923. Dous anos despois recibiu unha bolsa para traballar en Oxford co prestixioso químico orgánico Chataway. En 1927 obtivo o grao de Doutor en Oxford e en 1928 o da Universidad de Madrid.

Con apenas 26 anos gañou a cátedra de Química Orgánica da Facultade de Ciencias da Universidade de Santiago. Pouco despois recibiu unha bolsa da Fundación Rockefeller para traballar en Múnic co Premio Nobel Heinrich Wieland. De volta en Santiago, en 1930, montou o primeiro laboratorio de Química Orgánica da USC e creou un grupo de investigación pioneiro.

Posteriormente incorpórase como director científico ao Instituto Bioquímico Miguel Servet, fundado en Vigo. Ao comezo da Guerra Civil foi destituído como catedrático e exiliouse en Estocolmo, onde traballou co Premio Nobel Von Euler. Logo foi profesor na Facultade de Medicina de Edimburgo, colaborando con Barguer. En 1938 negocia coas autoridades franquistas a súa volta, pero ao entrar en España foi preso en Tui. Ao saír da prisión participou na creación do laboratorio Zeltia do Porriño. Baixo a súa dirección, Zeltia patentou nun ano máis de dez especialidades farmacéuticas. En 2017 realizouse unha película sobre a súa vida: *Os fillos do sol*.

Día da Ciencia en Galicia

Programa

Facultade de Química da USC

3 de outubro de 2025

12.00 h. Presentación

Juan Lema Rodicio

Presidente da RAGC

Rosario Álvarez Blanco

Presidenta do Consello da Cultura Galega

Jesús Sanmartín Matalobos

Decano da Facultade de Química da USC

12.15 h. Mesa redonda con autores do libro

Pedro Merino

Catedrático emérito de Ciencia dos Materiais
e Enxeñaría Metalúrxica da UVigo
Real Academia Galega de Ciencias
Coordinador da publicación

Manuel Freire Rama

Catedrático de Bioquímica e Bioloxía Molecular da USC
Real Academia Galega de Ciencias

Francisco Díaz-Fierros Viqueira

Catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola da USC
Real Academia de Farmacia de Galicia

13.00 h. Peche do acto